AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Xacobeo 21·22

PROPOSTA E RESOLUCIÓN DE PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE PERDA DO DEREITO AO COBRO DA AXUDA CONCEDIDA E DE REINTEGRO DO IMPORTE INDEBIDAMENTE PERCIBIDO

Procedemento: MR701D. Subvencións Leader 2014-2020. Convocatoria 2019-2020
Proxecto: L19 1920 17 0105 "Centro de interpretación arqueolóxico- sede da Fundación Terra Termarum Castrolandin"
Asunto: Perda do dereito ao cobro e reintegro
Entidade interesada: : Concello de Cuntis NIF: P3601500F
Enderezo: Praza da Constitución Nº4 C.P. 36015 Cuntis

ANTECEDENTES

1. O 27.03.2019 o concello interesado solicitou unha axuda, para executar o proxecto sinalado no encabezamento, ao abeiro da Resolución do 14 de decembro de 2018 pola que se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo), da medida Leader do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2019-2020. cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (DOG nº 245, do 26.12.2018).
2. O 14.10.2019 a persoa titular da Dirección Xeral da Agader, por delegación do Consello de Dirección, resolveu concederlle unha axuda ó concello interesado, por importe de 32.300,00 €, distribuída nas seguintes anualidades:
   Anualidade 2019: 16.150,00 €
   Anualidade 2020: 16.150,00 €
3. O 14.11.2019 a persoa titular da Dirección Xeral da Agader, por delegación do Consello de Dirección, resolveu pagarlle ao concello interesado unha axuda de 16.150,00 € en concepto de pagamento anticipado.
4. O 15.10.2020 rematou o prazo de execución e xustificación da subvención que se lle concedeu por Resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Agader de data 14.10.2019.
5. O 22.02.2022 o subdirector de Relacións cos GDR propuxo que se iniciase un procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da axuda pendente de pagarlle á entidade interesada e mais para reintegrar o importe que esta tiña percibido de xeito indebido.
6. O 03.03.2022 Agader notificoulle ao Concello de Cuntis o acordo de inicio do dito procedemento de perda do dereito ao cobro e de reintegro e concedeulle un prazo de 15 días hábiles para formular alegacións e presentar a documentación que estimase conveniente. Así mesmo comunicoulle cal era o prazo establecido para que realizase o reintegro en período voluntario. Os ditos prazos transcorreron sen que o Concello de Cuntis realizase alegacións nin reintegrase o importe que tiña percibido de xeito indebido.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (*DOG* nº 251, do 29.10.2000) que creou a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) como un

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal

CVE: E7CwiFIS191
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

ente de dereito público, e Decreto 79/2001, do 6 de abril, que aprobou o Regulamento da Agader (*DOG* nº 77, do 20.04.2001).

Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, que contempla a natureza da Agader como unha axencia pública autonómica das previstas no artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (DOG núm. 94, do 21.05.2021).

De acordo con esas normas, a Agader axusta a súa actividade ao ordenamento xurídico privado, salvo cando exercite potestades administrativas, suposto no que está suxeita á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en diante, LPACAP (BOE nº 236, do 02/10/2015), á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en diante LRXSP (BOE nº 236, do 02/10/2015), e ás demais normas administrativas de aplicación xeral. En consecuencia, esta normativa aplícaselle ao procedemento de que se trata.

2. Os procedementos de perda do dereito ao cobro e mais o de reintegro réxense pola seguinte normativa específica:
   a) Regulamento de execución (UE) 908/2014, da Comisión, do 6 de agosto de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1306/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, en relación cos organismos pagadores e outros organismos, a xestión financeira, a liquidación de contas, as normas relativas aos controis, as garantías e a transparencia (DOUE L 255/59, do 28.08 2014).
   b) Instrución OP/3/2019 do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) sobre recuperación dos pagamentos indebidos (recadación da débeda Feaga e Feader).
   c) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en adiante LSG (*DOG* nº 121, do 25.06.2007):
      - Artigo 31.5. Dispón que se producirá "*a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 desta lei*".
      - Artigo 33. Establece que "*procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro nos seguintes casos: …*".
      - Artigo 37. Respecto da competencia para iniciar, tramitar e resolver os expedientes de reintegro de subvencións, dispón que "*o órgano concedente será o competente para esixir do beneficiario ou da entidade colaboradora o reintegro de subvencións*".
      - Artigo 38.2. Establece que "*o procedemento de reintegro de subvencións iniciarase de oficio por acordo do órgano competente, ben por propia iniciativa, ben como consecuencia de orde superior, por petición razoada doutros órganos ou por denuncia. Tamén se iniciará a consecuencia do informe de control financeiro emitido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.*"
      - Artigo 38.5. Dispón que "*o prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento de reintegro será de doce meses desde a data do acordo de iniciación*".
   d) Decreto 11/2009, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en adiante RLSG (*DOG* nº 20, do 29 .01.2009):
      - Artigo 61.2. Prevé que "*o procedemento para declarar a perda do dereito de cobramento da subvención será o establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia*".
      - Artigo 77, que regula o procedemento de reintegro.
   e) Acordo do Consello de Dirección de Agader do 29 de decembro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4) cofinanciadas co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (*DOG* nº 12, do 18.01.2017).
      - Artigo 17. Establece que "*a persoa titular da Dirección Xeral de Agader, por delegación do Consello de Dirección da Agader, resolverá sobre a concesión ou denegación das axudas*".

CVE: E7CwilFIS191
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Por tanto, de conformidade cos citados artigos 37 da LSG e 61.2 do RLSG, a persoa titular da Dirección Xeral da Agader é a persoa competente para iniciar, tramitar e resolver os expedientes de reintegro e de perda do dereito ao cobro.

3. LPACAP
   - Artigo 57. Dispón que "*o órgano administrativo que inicie ou tramite un procedemento poderá dispoñer, de oficio ou a instancia de parte, a súa acumulación a outros cos que garde identidade substancial ou íntima conexión, sempre que sexa o mesmo órgano quen deba tramitar e resolver o procedemento. Contra o acordo de acumulación non procede ningún recurso*".

   No presente caso, as causas que determinan a perda do dereito ao cobro da axuda e mais o reintegro son as mesmas, o procedemento de perda do dereito ao cobro e o de reintegro é o regulado no artigo 38 da LSG e o órgano competente para iniciar, tramitar e resolver a perda do dereito ao cobro e o reintegro é o mesmo. En consecuencia, tendo en conta que concorren as circunstancias legais para tramitar conxuntamente os dous procedementos, así como as vantaxes que iso representa de cara á eficiencia do procedemento, dado que poden realizarse simultaneamente a proposta inicial, o acordo de inicio, as alegacións da persoa interesada e a resolución final de cada procedemento, acordouse a acumulación dos dous procedementos.

Neste suposto, tal como se deriva do informe do subdirector de Relacións cos GDR, a entidade interesada non presentou a documentación xustificativa dos investimentos subvencionados no prazo que se estableceu na resolución de concesión da axuda (15.10.2020). Por tanto concorre o suposto de reintegro previsto no apartado c) do artigo 33 da LSG: incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 desta lei e se é o caso nas normas reguladoras da subvención.

De acordo co exposto,

PROPOÑO

1. Que se declare que procede a perda do dereito ao cobro parcial da axuda concedida ao Concello de Cuntis, con NIF P3601500F, para executar o proxecto L19 1920 17 0105 "Centro de interpretación arqueolóxico- sede da Fundación Terra Termarum Castrolandin", por importe de 16.150 €.
2. Que se declare que procede o reintegro da cantidade que percibiu o Concello de Cuntis, por importe de 16.150 €, que se desagrega do seguinte xeito:

EXPEDIENTE	DATA PAGO	INDEBIDO (€)			
		FEADER	MAPA	XUNTA	GASTO PUBLICO TOTAL
L19 1920 17 0105	23.11.2019	12.112,50 €	403,75 €	3.633,75 €	16.150,00 €

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
A secretaria xeral
Mª Luisa Boquete Pumar

Tendo en conta todo o anterior

CVE: E7CwiFIS191
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

RESOLVO

1. Aprobar a proposta da secretaria xeral de Agader nos seus propios termos.

   No suposto de que a persoa interesada estea conforme con esta resolución, poderá realizar o pago do importe indicado na conta da entidade financeira ABANCA número **ES19 2080 0388 28 31 1000 1396**, (expresando "*en concepto*" o seu NIF*)* dentro do seguinte prazo voluntario:
   - As débedas notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes deberán aboarse desde a data da recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato día hábil seguinte.
   - As débedas notificadas entre os días 16 e último de cada mes deberán aboarse desde a data da recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

   De non producirse o ingreso da débeda no período voluntario, procederase ao seu cobro pola vía de constrinximento. Neste caso, ademais de esixirse a cantidade derivada do reintegro, tamén se esixirán os xuros que procedan, que se calcularán en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pago no período voluntario e a data de reembolso. O xuro a aplicar será o xuro legal do diñeiro incrementado nun 25%.

   No caso de que a persoa interesada tivese constituído unha garantía afecta ao cumprimento das obrigas derivadas da concesión da axuda, se non ingresa o importe indebido no período voluntario de pago, executarase a dita garantía.

   Poderá recuperar a débeda pendente mediante compensación, deducindo a dita débeda de calquera pago futuro que deba efectuar o organismo pagador responsable da recuperación, pero isto non obsta ao cobro dos xuros de demora, unha vez transcorrido o período de pago voluntario.

   Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, o concello interesado poderá interpoñer os os seguintes recursos:
   - Un recurso potestativo de reposición perante o Consello de Dirección de Agader, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de acordo cos artigos 123 e 124 da LPACAP.
   - Un recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous (2) meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación (art. 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa). Non se poderá interpoñer este recurso ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (art. 123 da LPACAP).

2. Notifíquese esta resolución á persoa interesada en cumprimento dos artigos 40 e seguintes da LPACAP.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
O Consello de Dirección da Agader
(P.D. Acordo do 29.12.2016)
A directora xeral
Inés Santé Riveira

Asinado por: SANTE RIVEIRA, INES
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 07/05/2022 22:05:11

Asinado por: BOQUETE PUMAR, MARIA LUISA
Cargo: Secretaria Xeral
Data e hora: 06/05/2022 11:04:57

CVE: E7CwilFIS191
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve